

BOLETÍN DE INSCRICIÓN

Curso de tuba e Bombardino impartido por Pablo Dopazo Gondar

Nome: _____
Enderezo: _____
Centro de estudos musicais: _____ Curso: _____ Idade: _____
Tífono: _____ Correo-e: _____
Preferencia-disponibilidade horaria: _____

Organiza:

**DEPARTAMENTO DE METAL
CONSERVATORIO PROFESIONAL
DE MÚSICA DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA**

Rúa Monte dos Postes, s/n,
15703 Santiago de Compostela
Tífono e Fax: 981 51 98 45

Páxina web:

www.conservatoriosantiago.gal

Enderezo electrónico:

cmus.santiago@edu.xunta.es

Curso 2016/2017



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



CURSO DE TUBA E BOMBARDINO

Impartido por

**PABLO
DOPAZO
GONDAR**



**7 e 8 de Febreiro
2017**

PABLO DOPAZO GONDAR: Natural de Cambados (Pontevedra), é Licenciado en Música na especialidade de Tuba polo Conservatorio Superior de Música do Principado de Asturias onde estudou con Alfonso Mollá, finalizando os seus estudos con Matrícula de Honra e Premio Fin de Carreira. Así mesmo, estudia no Conservatoire National Supérieur de Lyon (Francia) con Mel Culbertson e Arnaud Boukhitine. Anteriormente obtén o Título Profesional de Tuba con Premio Extraordinario Fin de Grao no Conservatorio Profesional de Pontevedra co profesor Manuel Martínez Villar. Ademais, complementa a súa formación realizando o Máster en Formación do Profesorado para Educación Secundaria. O seu interese polo mundo do bombardino e os seus antecesores, como o serpentón e o ophicleide, ademais da música antiga e contemporánea, lévano a afondar nos seus estudos con recoñecidos profesores e solistas de nivel internacional. Pablo Dopazo realizou concertos e recitais como solista en Estados Unidos, España, Portugal, Francia, Italia, Holanda ou Suiza.

Así mesmo, é invitado regularmente como profesor en diferentes conservatorios, bandas de música e festivais para impartir cursos, seminarios ou clases maxistras. Entre as súas colaboracións con diferentes agrupacións podemos destacar: "National Youth Orchestra of the Netherlands", "European Union Youth Wind Orchestra", "Forma Antiqua", Orquestra Xoven da Sinfónica de Galicia, "Joven Orquesta Sinfónica del Principado de Asturias", "Keep in Touch" Tuba Project ou o Centro Dramático Galego. De igual modo cabe apuntar a súa publicación EnfrentaDos (2012), un vídeo musical no que interpreta obras de Stockhausen e Bach ao bombardino. Na actualidade exerce como docente no Conservatorio de Música de Cambados (Pontevedra) e no Centro de Formación Los Olmos (Cambados), tarefa que compaxina con unha intensa labor ofrecendo recitais e clases maxistras difundindo o bombardino, o ophicleidee o serpentón.

INFORMACIÓN XERAL

DATAS: - Martes 7 de Febreiro
- Mércores 8 de Febreiro

HORARIO: Mañás:9:30/14:00
Tardes: 17:00/21:00

LUGAR:

Manas na aula de orquestra , tardes aula de cámara.

PREZO:
40 euros

MATRÍCULA

PRAZO DE INSCRICIÓN:

6 de Febreiro

FORMA DE INSCRICIÓN:

Enviar por correo ou correo-e á secretaría do centro o boletín de inscrición e a xustificación bancaria do ingreso:

Rúa Monte dos Postes, s/n,
15703 Santiago de Compostela
Tfno e Fax: 981 51 98 45

cmus.santiago@edu.xunta.es

Nº DE CONTA: ABANCA

IBAN ES04 2080 0348 30 3040011278

Facer constar no ingreso "CURSO DE TUBA E BOMBARDINO", nome do alumna/o e modalidade de asistencia.